

**PROBA DE ACCESO AO PRIMEIRO CURSO**  
**DE GRAO PROFESIONAL NO CMUS**  
**PROFESIONAL DE MÚSICA DE TUI**





Conservatorio Profesional de Música de Tui  
Avenida da Concordia S/N Tui  
Tlfs: 986604404 - 986601474  
cmus.profesional.tui@edu.xunta.es



# CRITERIOS DE AVALIACIÓN: PROBAS INSTRUMENTAIS

## Índice

1. *Criterios de Avaliación da Proba específica por especialidade: “Departamento de Corda”* **3**
2. *Criterios de Avaliación da Proba específica por Especialidade: “Departamento de Piano/percusión”* **4**
3. *Criterios de Avaliación da Proba Específica por Especialidade: “Departamento de Vento Madeira e Vento Metal”* **5**



## 1. Criterios de Avaliación da Proba específica por especialidade: “Departamento de Corda”

- a) Manter unha posición corporal adecuada, baseada na relaxación e naturalidade, que permita unha suxeición apropiada do instrumento e que favoreza o manexo do arco, a actividade da man esquerda e a coordinación entre ambos os brazos.
- b) Alcanzar un adecuado nivel expresivo adaptándose ás características estilísticas do repertorio.
- c) Amosar control e seguridade nos cambios de posición.
- d) Utilizar o vibrato como elemento expresivo na interpretación.
- e) Demostrar control da afinación.
- f) Aplicar con control e calidade sonora os diferentes golpes de arco, uña ou utilización de púa na interpretación.
- g) Amosar un dominio, fluidez e control axeitado na obra interpretada de memoria.

### Táboa de valores:

Criterio de Avaliación	Porcentaxe (%)
a) Postura corporal	15 %
b) Expresividade e estilo	15%
c) Cambios de posición	15 %
d) Vibrato	15%
e) Afinación	15 %
f) Técnica de man dereita (arco, uña, púa)	15 %
g) Memoria	10 %



## 2. Criterios de Avaliación da Proba específica por Especialidade: “Departamento de Piano/percusión”

- a) Amosar control corporal, adoptando unha posición que permita a correcta interpretación do repertorio ante o instrumento.
- b) Interpretar o repertorio respectando o texto das pezas e axustándose ás indicacións.
- c) Interpretar con solvencia técnica un repertorio básico integrado por 3 obras de diferentes épocas e estilos, tendo en conta a dificultade das mesmas.
- d) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas dentro das esixencias do repertorio obras presentado.
- e) Executar con fluidez e solvencia a obra de memoria proposta polo aspirante.
- f) Posuír capacidade comunicativa e artística no programa presentado durante a súa execución ante o tribunal.

### Táboa de valores:

Criterio de Avaliación	Porcentaxe (%)
a) Control corporal, posición do intérprete ante o instrumento	10 %
b) Fidelidade ao texto musical	20 %
c) Dificultade e solvencia técnica amosada no repertorio presentado polo aspirante	20 %
d) Posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas na interpretación individual	20%
e) Fluidez e dominio na obra interpretada de memoria	10 %
f) Capacidade artística e comunicativa	20 %



### 3. Criterios de Avaliación da Proba Específica por Especialidade: “Departamento de Vento Madeira e Vento Metal”

- a) Amosar o control corporal, adoptando unha posición que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento.
- b) Usar correctamente a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión e flexibilidade do son. Ademáis, na especialidade instrumental de Gaita Galega, terase en conta o control do “tempero”.
- c) Interpretar cun nivel axeitado un repertorio básico integrado por 3 obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade axeitada a este nivel (no Anexo de este documento aparece unha Lista Orientativa de Obras).
- d) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas, dentro das esixencias das obras presentadas, na interpretación individual.
- e) Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comezando a empregar os matices e expresión á interpretación musical, así como un coñecemento de articulacións, matices dinámicos e agónicos nas obras presentadas.
- f) Posuír capacidade comunicativa e artística no programa presentado durante a súa execución ante o tribunal. Neste criterio valorarase a madurez musical do aspirante e a súa capacidade artística individual.
- g) Interpretar de memoria polo menos unha das tres pezas que presenta no seu repertorio de acceso.

#### Táboa de valores:

Criterio de Avaliación	Porcentaxe (%)
a) Control corporal, posición do instrumentista e o instrumento	15 %
b) Respiración, embocadura, flexibilidade e emisión do son	15%
c) Repertorio integrado por 3 obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade axeitada a este nivel	15 %
d) Posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas na interpretación individual	15%
e) Son estable, matices e expresión (articulacións, matices dinámicas e agónica).	20 %
f) Capacidade artística e comunicativa	15 %
g) Fluidez e dominio na obra interpretada de memoria	5 %